

Stellarium

Algunha vez preguntástesvos: Como se verán as estrelas hoxe na túa cidade? E no Polo norte?

Stellarium é un programa gratuito de código aberto dispoñible en Linux, Mac VOS X e Windows capaz de mostrar un ceo realista en 3D, tal como apréciase a primeira ollada, con binoculares ou telescopio. Actualmente estase utilizando en planetarios e ten dispoñible unha detallada guía de usuario.

Stellarium é moi sinxelo de utilizar, podendo especificar as coordenadas que queiras e mesmo seleccionar un punto concreto no mapamundi. Tamén poderás elixir a hora exacta á que queres contemplar o ceo estrelado, e obter



xusto a hora do atardecer nun día determinado. Podes instalalo desde o Centro de software de Ubuntu 9.10 (onde dispomos da versión 0.10.2), ou en Engadir e quitar programas se aínda usas Ubuntu 9.04, buscando por Stellarium.

En Stellarium podemos observar en calquera intervalo de tempo:

- Máis de 120,000 estrelas do catálogo Hipparcos
- Imaxes de nébulas
- Vía Láctea realista
- Atmosfera realista, saída e posta do sol
- Os planetas e os seus satélites

Podes configurar distintos temas: Marte, a Lúa, bosques, xirasoles ... Indicar os elementos que queres mostrar como son as liñas, nomes e figuras das constelacións, ou as liñas de ecuador, meridiano ... Tamén está dispoñible a opción de cambiar as lendas estelares: chinés, occidental, coreano,exipcio, etc, mostrar a Lúa a escala e as órbitas planetarias e simular a velocidade da luz.

Vídeotutorial moi interesante:

<http://youtu.be/9feyFVZmuQE>